

PROPOSTA DE REGULAMENTO E DATAS PARA A RENOVACIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

CANDIDATURAS:

A elección será mediante lista aberta, escolléndose un máximo de 15 membros (Presidenta/e, Secretaria/o, Tesoureira/o e 12 vogais)

Poderá optar a calquera cargo da Xunta Directiva todo/a socio/a que teña recoñecido por Estatutos o dereito a ser elector/a e elixible.

Serán requisitos obrigatorios para poder concorrer como candidato/a: Ser maior de idade e asociado/a.

Os candidatos e candidatas que queiran obter á Xunta Directiva Terán 7 días naturais para presentar a súa candidatura. Este requisito realizarase cubrindo un formulario facilitado pola ANPA que estará aloxado na páxina web do colexio.

VOTANTES:

Serán requisitos obrigatorios para poder ser votante:

Ser socio/a da ANPA e maior de idade

VOTACIÓNS:

Se o número de candidatas/os é igual ou menor a 15 persoas, non será preciso continuar co proceso electoral, xa que todos e todas as candidatas formarán parte da Xunta Directiva.

No caso de que o número de candidatos e candidatas sexa superior a 15, entón:

A votación celebrarase presencialmente nas instalacións do colexio, o día 21 de xuño en horario de 09:00 a 10:00 e de 14:30 a 17:30. As votacións efectuaranse mediante sufraxio directo e segredo dos/as socios/as con dereito a voto.

Non existe a posibilidade de voto delegado.

A os efectos de votación cada socio/a terá un voto.

*Segundo se recolle nos estatutos, enténdese por socios/as as nais, pais e titores/as legais do alumnado matriculado no CEIP.

MESA ELECTORAL:

A mesa electoral estará composta por 3 membros que serán socias ou socios da ANPA, escollidas/os por sorteo 7 días antes da data de eleccións. Terán dereito a unha dieta de 40,00 €.

Non poderán formar parte da mesa aqueles/as que sexan candidatos/as.

COMUNICADOS:

Desígnase a páxina web do colexio como método oficial de comunicación.

RESOLUCIÓN DE INCIDENCIAS:

andaravia.anpa@gmail.com

PROPOSTA DE DATAS PARA ELECCIÓN

7 XUÑO

- Publicación Convocatoria
- Inicio período de presentación de candidaturas
- Sorteo Mesa Electoral

13 XUÑO (incluído)

- Finalización período presentación candidatas/os

14 XUÑO

- Publicación listas de candidaturas definitivas
- Sorteo membros mesa electoral

21 XUÑO

Celebración de eleccións á Xunta Directiva

Lugar: instalación do colexio

Horario:

9:00 a 10:00 horas

14:30 a 17:30 horas